



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
correo@carnota.gal
www.carnota.gal

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE CANDIDATOS/AS, PREVIA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE COORDINADOR FORESTAL DA SUBVENCIÓN PARA O PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026

ANTECEDENTES:

O 5 de febreiro de 2026 (DOG núm. 24) a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración publicou a Orde do 22 de xaneiro do 2026, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Rural Activo), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento TR351G), solicitando **1 coordinador forestal**.

Con data 21 de abril de 2026, recíbese notificación de Resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (Rex. Nº 20260000000905) da subvención para o fomento do emprego no medio rural (RURAL ACTIVO) nº de expediente 2026/000014-1 correspondente o procedemento TR351G, por importe de 142.735,01 € (Coefic. Financ. 100%)

Para elaborar unha listaxe de candidatos/as presentárase unha oferta de emprego no servizo público de emprego de Galicia, a efectos de cumprir o regulado no artigo 14.4 da Orde do 22 de xaneiro do 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. A Orde do 22 de xaneiro do 2026, no seu artigo 14.1 establece que os/as traballadores/as seleccionados/as deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia coma demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego, e que as entidades beneficiarias da subvención solicitarán os/as traballadores/as que necesiten, mediante a presentación dunha oferta de emprego na oficina pública de emprego que corresponda.
2. O proceso de selección e contratación dos desempregados/as respectará o establecido nos artigos 14,15 e 16 da Orde do 22 de xaneiro do 2026.
3. A presente resolución ditase de conformidade coas atribucións conferidas ao alcalde polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 41

do Real decreto 2568/1986, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO. Aprobar as bases polas que se vai rexer a selección do persoal para cubrir as prazas de **1 COORDINADOR FORESTAL DO PROGRAMA RURAL ACTIVO 2026**, tendo en conta as observacións realizadas no informe da secretaría-intervención, e convocar o correspondente proceso selectivo.

SEGUNDO. Publicar o anuncio xunto coas bases na páxina web do Concello e no taboleiro da Sede electrónica do Concello de Carnota.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

BASES DA CONVOCATORIA

PROGRAMA: SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL

RURAL ACTIVO 2026

EXPEDIENTE: TR351G 2026/000014-1

De conformidade coa resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (Rex. Nº 202600000000905) da subvención para o fomento do emprego no medio rural (RURAL ACTIVO 2026) nº de expediente 2026/000014-1 correspondente o procedemento TR351G, por importe de 142.735,01€ (Coefic. Financ. 100%)

1. Obxecto

Contratación de UN (1) coordinador forestal para tarefas de limpeza de montes
--

2. Características do Posto ofertado

Denominación do posto de traballo: coordinador forestal	
Réxime	Contrato laboral temporal
Unidade/Área	O.P./Servizos Múltiples
Categoría profesional	Coordinador forestal
Titulación esixible	Técnico Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural ou equivalente. Admítese titulación similar ou superior de acordo co CNO 3143.
Sistema selectivo	Oposición
Núm. de Postos que se convocan	1
CNO	3143
Grupo de cotización	2
Funcións encomendadas	As funcións do posto son as establecidas no artigo 4 da Orde do 22 de xaneiro de 2026 (DOG núm. 24, do 5 de febreiro), programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, para

	tarefas de coordinación, prevención de incendios, planificación preventiva, valorización forestal, silvicultura, limpeza de montes e xestión da biomasa.
--	--

3. Modalidade e condicións do contrato

Modalidade segundo regulación do Real decreto- Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.	A contratación realizarase a través da modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (C.C. 405) segundo a disposición final segunda do Real decreto- Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, que introduce a disposición adicional novena no texto refundido da Lei de emprego, aprobada por Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro.
Duración	9 meses
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	Completa
Xornada de traballo (horas semanais e prestación)	Segundo convenio
Horario de traballo	Segundo o cuadrante e necesidade do servizo
Retribución bruta	24.049,80€ incluído cotización S.S.

4. Requisitos dos aspirantes

Documento electrónico firmado digitalmente cuya integridad se garantiza mediante cotejo en la Sed Electrónica de este Organismo con Código de Verificación Digital (CVD) especificado al margen.
(artículo 42.b de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público)

Segundo o artigo 14.6 “Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras” da Orde do 22 de xaneiro do 2026 (DOG núm. 24 de 5 de febreiro) terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.
- b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia
- c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- e) Persoas paradas de longa duración.
- f) Persoas con discapacidade.
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- i) Persoas trans
- j) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

De conformidade co establecido na Base 14.3 da Orde, non se poderán contratar traballadores e traballadoras que foran contratados por un período igual ou superior a 9 meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas e emprego, agás que o Concello contratante teña menos de 10.000 habitantes segundo o PMH 2025, IGE.

4.1. De carácter xeral (artigo 50 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia)

a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e do previsto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, respecto do acceso ao emprego público por nacionais doutros Estados.

b) Estar en posesión da titulación que se esixa nas bases ou estar en condición de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Todos os requisitos anteriores deberán cumprirse no momento do inicio do proceso selectivo, agás o indicado no punto 6.7.2 respecto a proba específica de lingua galega.

4.2. De carácter específico.

Ser desempregado/a candidato/a remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia segundo a correspondente Oferta de Emprego presentada na Oficina do SPE de Cee.

5.Publicidade

Documento electrónico firmado digitalmente cuya integridad se garantiza mediante cotejo en la Sed Electrónica de este Organismo con Código de Verificación Digital (CVD) especificado al margen.
(artículo 42.b de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público)

As bases do proceso selectivo publicaranse na web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carnota e igualmente facilitarase unha copia destas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello a todos/as aqueles que o soliciten.

Todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo, difundiranse mediante publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carnota (<https://sede.carnota.gal/sxc/es>) e na súa páxina web (www.carnota.gal).

6. Procedemento selectivo.

6.1. Oferta de Emprego Pública: de conformidade co establecido nos artigos 14.4 e 14.10 da Orde do 22 de xaneiro de 2026, o presente proceso de selección non se rexe pola normativa xeral de selección de persoal das administracións públicas, seguíndose os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia para a cobertura de ofertas de emprego, sendo este organismo o encargado de remitir as persoas candidatas á entidade beneficiaria. En consecuencia, non se establece prazo de presentación de instancias con carácter previo ao proceso selectivo, debendo os/as aspirantes presentar a documentación requirida no momento indicado na base 6.9.

6.2 Listaxe provisional de admitidos/as: unha vez recibida a listaxe de candidatos/as, por Resolución de Alcaldía, aprobarase a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso de selección, indicando, no seu caso, a causa de exclusión.

Nesta mesma Resolución publicarase a composición nominativa do tribunal cualificador, así como o lugar, a data e a hora nos que se celebrará a súa primeira sesión constitutiva, e as datas previstas para a realización das probas teórica e entrevista persoal da fase de oposición

Con carácter previo á realización do primeiro exercicio da fase de oposición, efectuarase a proba de lingua galega para aqueles/as aspirantes que non acreditasen documentalmente o nivel básico de competencia en lingua galega esixido nas presentes bases.

6.3 Listaxe definitivo de admitidos/as: en atención á urxencia do proceso de selección, derivada da necesidade de incorporación inmediata das persoas traballadoras dentro do exercicio 2026 e dos prazos establecidos na resolución de concesión da subvención, concederase un prazo de **2 días naturais** para a emenda das causas motivadoras da exclusión. Transcorrido este prazo, por Resolución de Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Cando non existan circunstancias especiais de verificación dos requisitos a listaxe remitida e publicada terá a condición de definitiva.

Cando se esixan requisitos específicos cuxo cumprimento non poida ser verificado polo Servizo Público de Emprego de Galicia comunicárase tal circunstancia aos aspirantes, indicándolle o prazo e forma de acreditación de cara a súa admisión definitiva.

Por motivos de urxencia xustificadas no expediente poderase, excepcionalmente, aprazar o cumprimento dos requisitos anteriormente citados, sen que en ningún caso poida ser con posterioridade á celebración das entrevistas ou probas establecidas.

6.4 Publicidade das listaxes: as listaxes de admitidos/as, tanto provisional coma definitiva, expoñeranse publicamente na web (www.carnota.gal) e no taboleiro da sede electrónica do Concello (<https://sede.carnota.gal/sxc/es>).

6.5 Documentación dos/as candidatos : recibida a relación de candidatos/as do Servizo Público de Emprego, reunirse o Tribunal cualificador para proceder á comprobación documental dos/as traballadores/as. Ao mesmo tempo e no mesmo prazo, se a documentación remitida polo Servizo Público de Emprego é insuficiente, solicitaráselles ás persoas interesadas a achega daquela documentación que sexa necesaria, se o tribunal o considera así oportuno.

6.6. Tribunal cualificador.

O tribunal, cuxa composición adecuarase aos criterios de imparcialidade e profesionalidade e paridade entre homes e mulleres, así como aos restantes requisitos previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (artigos 60 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 59 da Lei do emprego público de Galicia), estará conformado por unha presidencia, unha secretaria e tres vogalías con titulación igual ou superior ao requirido para o postos de traballo que se pretende cubrir.

Os membros do tribunal, deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizasen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

No nomeamento dos membros do tribunal deberanse respectar as seguintes regras:

- O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O nomeamento das persoas especialistas corresponderalle a Alcaldía ou á Concellería delegada a proposta do tribunal.

- O tribunal cualificador tamén poderá propoñer a designación de persoal administrativo colaborador, que será resolta por decreto da alcaldesa ou de concelleira/a delegada/o con competencias na materia, co obxecto de prestar auxilio ao mesmo no desenvolvemento das probas no suposto de que o número de aspirantes convocados así o aconselle a fin de garantir un áxil e adecuado desenvolvemento do proceso selectivo.
- O órgano encargado da selección neste proceso será o tribunal de selección, que asumirá a consideración, verificación e apreciación das incidencias que puiden xurdir no desenvolvemento dos exercicios e adoptará ao respecto as decisións que estime oportunas.
- O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, polo menos, da metade dos seus membros, e, en todo caso, sen asistencia do presidente e secretaría, ou quen os substitúa.
- O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e ao resto do ordenamento xurídico.

Por cada sesión do tribunal levantarase acta, asinada por todos os membros do tribunal asistentes.

Os membros do tribunal, así como os asesores especialistas designados, terán que absterse de intervir cando concorran algunha das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou 59.2 da lei 2/2015, do emprego público de Galicia, ou se tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas, ou houberan colaborado con centros de preparación de opositores, nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria do proceso que regulan estas bases.

A presidencia poderá solicitar dos membros do tribunal e dos asesores especialistas declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou 59.2 da lei 2/2015, do emprego público de Galicia.

A concorrencia de calquera de ditas causas deberá ser comunicada ao órgano competente.

As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas na presente base conforme ao precepto citado no parágrafo anterior.

Ante a renuncia, abstención, aceptación da recusación ou calquera outra circunstancia similar que afecte a un dos membros do tribunal, o órgano competente procederá á designación dun novo membro que substitúa ao anterior.

Por resolución da Alcaldía ou a Concellería delegada nomearanse aos novos membros do tribunal que substituirán ás persoas que perdesen tal condición por algunha das causas mencionadas anteriormente.

Os acordos adoptados polo tribunal cualificador poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a alcaldía nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administra tivo común das administracións públicas, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

6.7. Sistema de selección e puntuación.

Sen prexuízo do establecido no artigo 14.10 da Orde do 22 de xaneiro de 2026, que exclúe a aplicación da normativa xeral de selección de persoal das administracións públicas, o sistema de selección adoptado polo Concello de Carnota para este proceso é o de oposición

6.7.1 Probas de selección (Ata un máximo de 16 puntos).

O proceso selectivo estrutúrase en dúas probas de carácter obrigatorio. A proba teórica terá carácter eliminatorio, sendo requisito imprescindible a súa superación para acceder á entrevista persoal

1.- Realización dunha proba teórica, de carácter obrigatorio e eliminatoria, que consistirá na realización dun exame tipo test no que haberá que responder a un cuestionario de 10 preguntas sobre os contidos do temario que se recolle no **Anexo III**.

Cada pregunta formularase con catro respostas alternativas, das que so unha será a correcta.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 30 minutos. Cada resposta correcta valorarase con 1.0 puntos. O exercicio cualificarase ata un máximo de **10 puntos**.

A superación da proba teórica require acadar unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10. As persoas aspirantes que non alcancen dita puntuación mínima quedarán excluídas do proceso selectivo, non podendo acceder á entrevista persoal.

As respostas incorrectas non restarán. As respostas en branco non puntuarán.

2.- Entrevista persoal: Circunstancias persoais e profesionais.

- **5 puntos:** VALORACIÓN TÉCNICA.- Valorarase a dispoñibilidade e aptitude do/a aspirante. O tribunal poderá dirixir aos/as aspirantes todas aquelas preguntas relacionadas coa proba teórica realizada.

- **1 punto:** Por estar en posesión do carné de conducir B

Puntuación total máxima: **6 puntos**.

6.7.2 Proba de galego.

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (CELGA 1 ou equivalente) deberán realizar unha proba que terá carácter obrigatorio e eliminatorio, previo o proceso de oposición.

A proba consistirá nun test de 5 preguntas con 3 respostas alternativas, das que só unha será correcta, durante un tempo de 15 minutos.

O exercicio será cualificado de apto ou non apto.

Quedarán exentos da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes da data de celebración das probas selectivas.

6.8. Cualificación final.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

En caso de empate, a orde establecerase atendendo aos seguintes criterios:

A maior puntuación obtida na fase de oposición 1) na proba teórica, 2) na entrevista persoal e por último 3) na valoración técnica.

No caso de persistir o empate tras a aplicación dos criterios anteriores, procederase a resolver a igualdade de puntuación atendendo á orde alfabética do primeiro apelido das persoas aspirantes, comezando pola letra resultante do sorteo público celebrado pola Xunta de Galicia para a determinación da orde de actuación nas probas selectivas correspondentes á Oferta de Emprego Público de 2026 **(M)**.

6.9. Chamamentos.

Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluído quen non compareza, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal de Selección.

A forma do chamamento para comezar as probas, será a chamada dos aspirantes segundo a inicial do seu primeiro apelido, continuando por orde alfabética.

Os/as aspirantes deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

No momento previo da proba teórica, os aspirantes deberán achegar debidamente cuberta a solicitude de participación no proceso de selección **(ANEXO I)** e a autorización para o uso dos datos de carácter persoal **(ANEXO II)**, acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Copia da tarxeta de demandante de emprego **actualizada**

Toda a documentación presentada será obxecto de rexistro xeral, co fin de deixar constancia documental da súa entrega e recepción por parte do órgano competente.

6.10. Valoración, relación de aprobados e proposta de resolución.

Finalizado o proceso de realización das probas, o Tribunal cualificador confeccionará a listaxe dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, e formulará a correspondente proposta de contratación, concedéndose un prazo de **2 días hábiles** para alegacións que resolverá o Alcalde, previo informe da Tribunal de selección.

O órgano competente procederá á formalización dos contratos previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

No caso que o candidato/a rexeite a contratación, deberá comunicalo por escrito nun prazo máximo **dun día hábil**; de non facelo, o funcionario que realiza o chamamento poderá realizar unha dilixencia de renuncia do candidato.

O/a aspirante que faga valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes en materia de valoración que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria, acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións propios do posto de traballo da presente convocatoria.

7. Bolsa de emprego

Ao rematar o proceso selectivo formarase unha relación das persoas, en orde descendente de puntuación. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista), para cubrir prazas similares ou situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, maternidade ou calquera outra circunstancia, en prazas de similares características deste concello.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado novamente para outra contratación.

Se rexeitase o chamamento, pasará ao último lugar da bolsa. En caso de que se produza un novo rexeite polo mesmo aspirante, quedará excluído da mesma.

No suposto de necesidade de cobertura de unha ou varias prazas de persoal ao que se lle poida aplicar os requisitos de titulación e formación destas bases, comunicarse telefonicamente a primeira persoa da lista.

Si esta persoa non colle a primeira chamada telefónica, enviaráselle un correo electrónico, whatsapp e/ou un SMS informándoo desta circunstancia, que deberá notificar nun prazo máximo de 1 día hábil a súa dispoñibilidade.

Este chamamento, se é o caso, realizase como máximo en 3 ocasións en 2 días distintos.

O empregado público que realice estas actuacións deberá deixar constancia destas actuacións mediante dilixencia no expediente.

No relativo ás baixas e extincións de contrato, terase en conta o regulado na Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento

do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2026 (DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2026), concretamente no seu artigo 17, relativo á substitución das persoas traballadoras. De conformidade con dito precepto, cando se produza a extinción do contrato antes de que finalice o período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, a entidade beneficiaria poderá contratar a outra persoa en substitución daquela que causou baixa durante o tempo que reste para que finalice o período subvencionado, sempre que a contratación se produza dentro dos 30 días seguintes ao da baixa na Seguridade Social da inicialmente contratada, salvo causas de forza maior suficientemente acreditadas.

A constitución desta bolsa implica a derogación de cantas outras foran aprobadas con anterioridade relativas ás prazas convocadas.

8. Incidencias

O Tribunal está autorizado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten durante o proceso selectivo conforme á discrecionalidade técnica que a caracteriza.

9. Réxime de recursos

Contra a convocatoria e as presentes bases, que esgotan a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou formalizar demanda, no prazo de dous meses, perante o xulgado do Social de Santiago de Compostela ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, á que acompañará copia da resolución denegatoria ou documento acreditativo da interposición ou resolución do recurso administrativo, segundo proceda, unindo copia de todo iso para a entidade demandada, en virtude do disposto no artigo 69.2 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da Xurisdición Social.

Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso xudicial ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Tamén poderán ser impugnados polas persoas interesadas, ante a Xurisdición Social, cantos actos se deriven da convocatoria e as bases de selección.

10 Normativa aplicable

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e, no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións:

- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 13 de xuño.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

11.- Datos de carácter persoal

Responsable do tratamento: Concello de Carnota, con dirección en Praza de San Gregorio, 19, 15293, Carnota.

Finalidade do tratamento: Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Carnota coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que deriva da xestión deste procedemento.

Lexitimación: A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no consentimento outorgado e no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. O consentimento é revogable en todo momento sen efectos retroactivos.

Destinatarios/as: Os datos poderán ser comunicados ás Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

Prazo de conservación: O Concello de Carnota conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos.

Dereitos: As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Carnota ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Todo o cal, infórmase en cumprimento do disposto no art. 11 e ss. da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ANEXO I

PROCESO SELECTIVO: CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR 1 PRAZA DE COORDINADOR FORESTAL (**RURAL ACTIVO 2026**)

MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS

APELIDOS E NOME	DNI
DOMICILIO	Teléfono

SOLICITO participar na convocatoria para a selección de persoal identificada no encabezamento, a cuxas bases me someto expresamente.

DECLARO BAIXO A MIÑA PERSOAL RESPONSABILIDADE que reúno os requisitos esixidos para participar no proceso, segundo as bases que regulan a convocatoria e comprométome a achegar a documentación requirida no momento en que se me esixa polo órgano de selección.

ACHEGO OS SEGUINTES DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS MÉRITOS (Anexo II):

(Relacionar os documentos que se acompañan)

1. Copia tarxeta de demandante de emprego
 2. Fotocopia DNI
 - 3.
 - 4.
- (...)

_____, __ de _____ do 2026
(sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARNOTA

Consonte ao disposto Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Carnota relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación,

rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello. O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

ANEXO II

AUTORIZACIÓN PARA O USO DOS DATOS PERSOAIS

D./D.^a DNI

Entrego no Concello de Carnota a documentación como demandante de emprego e candidato/a ao **Programa RURAL ACTIVO 2026**, e dou o seu consentimento, de acordo coa Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro de regulación de tratamento automatizado de datos de carácter persoal, ao Concello de Carnota e aos Servizos Municipais de Emprego para que poidan facer uso dos datos contidos neles, e ceder os meus datos de carácter persoal, unicamente coa finalidade de procura de emprego nesta administración que está en disposición de ofertar postos de traballo.

E para que así conste, asino a presente autorización.

Carnota _____ de _____ do 2026

Asinado:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARNOTA

ANEXO III

TEMA 1: Coñecemento do municipio de Carnota. Organización municipal e territorial.

TEMA 2: Materiais, útiles e ferramentas empregadas tanto na prevención como na defensa contra incendios forestais.

TEMA 3: Normativa de prevención de riscos laborais aplicable á coordinación de traballos forestais. Obrigas do coordinador en materia de seguridade e saúde.

TEMA 4: As faixas de xestión de biomasa. Redes primarias e secundarias. Obrigas das entidades locais. O Convenio de colaboración Xunta de Galicia- Seaga 2026.

TEMA 5: O Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia

TEMA 6: Zonificación do territorio nos distritos forestais

TEMA 7: O incendio forestal, comportamento, propagación e extinción

TEMA 8: Métodos de ataque contra os incendios, técnicas e etapas de liquidación e ferramentas que actúan sobre o calor, osíxeno e combustible

TEMA 9: A coordinación de equipos de traballo en medio forestal. Planificación, organización e seguimento de traballos de limpeza e prevención.

TEMA 10: O programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026. Obxecto, beneficiarios e obrigas das entidades locais.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O Alcalde
Juan Manuel Saborido Rama

Dou fe. O Secretario
José Luis Veiga Sierra